

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BASES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DOS MAIOS 2019 DE PONTEDEUME

- 1º - No Concurso de Maios poderán participar todas aquelas persoas e entidades que o desexen.
- 2º- Por cada maio terá que cubrirse unha solicitude independentemente de que sexa presentado de forma individual ou presentada por un grupo (asociación, clase escolar, etc...)
- 3º - Na creación do Maio pódese usar todo tipo de flores, valorarase positivamente que as flores sexan de temporada.
- 4º- Cada Maio deberá presentarse acompañado dunha poesía ou cantiga que os participantes deberán ler ou cantar. Ao presentar as coplas especificarase se son novas ou tradicionais
- 5º - A poesía ou cantiga será orixinal e inédita. Deberase facilitar copia á organización e xurado do concurso.
- 6º- Puntuarase cubrir con verde (mirto, fiuncho, xesta, etc) as partes do Maio, varas, patas, madeiras, etc.
- 7º- Puntuarase a figura, dificultade, elementos vexetais, etc.
- 8º- Valorarase a uniformidade dos participantes (levadores do Maio) a nena/o coa banda ou coroa de flores.
- 9º- Valorarase negativamente levar á vista cartóns, cordas, elementos plásticos, arames, madeiras, etc.
- 10º - A Concentración dos Maios realizarase nos Xardíns de Lombardero ás 17:30 h. do día 1 de maio. Posteriormente os Maios participantes percorreren as rúas do pobo ata chegar a Alameda de Raxoi.
- 11º - As solicitudes de participación deberán formalizarse no Departamento de Cultura do Concello, en horario de 9:00 a 14:00 h. Tamén poderanse inscribir no Xardín de Lombardero ata 15 minutos antes de empezar o pasacalles.
- 12º - O prazo de inscrición para o concurso abrirase o día 26 de abril, e rematará o día 1 de maio, quince minutos antes do inicio da actividade.
- 13º - O xurado ten a potestade de eliminar do concurso aqueles Maios que considere que non reúnen as condicións necesarias para ser considerados como tales, en base a súa construción e elementos que o forman ou que non reúnan un mínimo de calidade para poder acceder ao premio de participación.
- 14º - Establecese dúas categorías, Maio pequeno (aproximadamente ata 75 cm de altura desde a base onde está o Maio colocado, non se contara a altura das patas de soporte, 60 cm ancho e 90 cm de largo de corpo do Maio, non se contabilizara a lonxitude dos brazos de transporte), en cada unha delas concederanse tres premios:

Categoría Maios Grande

Categoría Maios Pequenos

1º Premio: Diploma ou Trofeo

1º Premio: Diploma ou Trofeo





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2º Premio: Diploma ou Trofeo

2º Premio: Diploma ou Trofeo

3º Premio: Diploma ou Trofeo

3º Premio: Diploma ou Trofeo

15º - Establécese un premio á mellor copla: Diploma ou Trofeo

Puntuarase neste apartado:

- Interpretación cantada da canción-copla e a súa orixinalidade
- Lectura (ou recitado) da canción-copla orixinal
- Valoraranse máis as coplas que sexan acompañadas con música ou percusión
- Valorarase máis se os acompañantes musicais son neno/as que si son adultos.
- Puntuaranse máis as músicas orixinais sobre outras xa coñecidas.
- Ao presentar as coplas especificarase se son novas ou tradicionais para súa valoración
- Facilitaranse as coplas a organización por cuadruplicado antes do comezo do concurso

16º - Os premios poderían quedar desertos de non existiren Maios de calidade a xuízo do xurado.

17º - A decisión do xurado é inapelable e estará composto por persoas directamente relacionadas coa elaboración e construción de maios. O xurado terá potestade para resolver os problemas que xurdan durante o concurso.

18º - A composición do xurado comunicáraselle aos participantes e público en xeral publicándose no taboeiro situado nos baixos do Concello.

19º - A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.

20º - A participación no concurso implicará a aceptación das presentes bases.

Pontedeume, 25 de abril de 2019

